

O NOVO XEITO

Boletín informativo do BNG de Muros – Marzo de 2020

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO MUROS

'Ser alcaldesa é importante porque as mulleres debemos aspirar a todo, mais tamén suma ter un goberno do BNG'

Como defende o BNG os problemas da veciñanza na Casa do Concello?

Levamos iniciativas, propostas, trasladamos problemas do día a día da veciñanza, e a pesar do afán de meter paus nas rodas seguimos a loitar e traballar polo noso pobo, sempre con ilusión e forzas.

A proposta do BNG, acordouse incluír no POS 2021 o saneamento da parroquia de Abelleira, que vai supoñer esta actuación?

Un logro, o saneamento de Abelleira é unha das propostas históricas do BNG, até o punto que, en máis dunha ocasión do anterior mandato municipal, criticamos a súa non inclusión pola obstinación e rexeitamento dos demais grupos municipais.

Abelleira ten a principal praia de marisqueo do concello polo que, ademais de necesario, é urxente comezar esta primeira fase, aínda que sería importante facelo completo.

8 DE MARZO

Canto avanzamos e canto estamos a retroceder en termos de igualdade? Está máis avanzada a sociedade do que a representación pública pensa?

Avanzamos moi paseniño. Existe unha parte importante da sociedade que aínda pensa que porque se nos "permitiu" acceder a profesións vulgarmente coñecidas como "de homes" e saímos da cociña para gañar un precario xornal xa estamos en igualdade, e isto o que significa é que non estamos nin a metade do camiño.

Como muller, traballadora, activista e política. Como che gustaría pasar o 8 de Marzo de 2021?

Pois oxalá puidera pásalo nas rúas de Compostela reivindicando os dereitos de todas, como os anos anteriores, mais nesta situación tan surrealista na que nos atopamos, non vai a ser posíbel e vai a haber que facer o que se poida dende a casa.



Paula Simal, concelleira do BNG en Muros. Ten 39 anos, natural da Abelleira, é técnica informática, comezou a vida política formando parte do tecido asociativo e decidindo formar parte do BNG fronte a vella política do PP-PSOE.

Un soño persoal: Algún día o 8M non tere-mos que saír ás rúas a reivindicar nada porque a igualdade será unha realidade.

Preocupacións? A violencia de xénero, a precariedade laboral, a pobreza mundial, a falta de recursos na sanidade pública, o sistema educativo, a fame infantil, as pandemias, os conflitos bélicos, o maltrato animal, o quentamento global, o rexurdimento do fascismo, a ignorancia...

Que me mobiliza? A inxustiza e a desigualdade.

O 8M que toca facer? Este ano tocará unha mobilización virtual.

María Lago e Paula Simal son as escollidas para liderar e pór voz ás demandas da veciñanza dentro da Corporación Municipal . Presentamos un resumo das propostas presentadas polas concelleiras nacionalistas desde que arrancou este último mandato municipal. Un percorrido visual de todo o que as mulleres son quen de facer cando se lle abren espazos de participación e toma de decisións.

Orzamentos municipais.

Na actualidade seguimos operando cos orzamentos do 2015. Demandamos ao Grupo de Goberno que cumpra co prometido cando lideraban a oposición e elaboren uns orzamentos novos.

Intervencións en parques, camiños e edificios públicos.

É necesario que se estableza un plan de actuación organizado para que as zonas públicas manteñan durante todo o ano unha imaxe limpa e aseada.

Fiscalización e control dos procesos de selección de persoal.

Denunciamos en varios Plenos a opacidade coas que se producen moitas das contratacións de persoal.

Fibra

Tras s
que a
e Abe
sen p

CRONOLOXÍA

(Xullo 2019) Melloras para as mariscadoras.

Demandamos en pleno que se dotasen ás praias de marisqueo de vestiarios portátiles e que se sinalicen as zonas de marisqueo para evitar que veciños, veciñas e visitantes collan marisco ilegalmente.

(Novembro 2019) Protección animal.

Traballamos para conseguir mellorar este servizo básico para o benestar animal.

(Febreiro 2020) Apr

Insistimos durante e
de mandato municipi
goberno finalice dur
proceso de elaborac
de Postos de Trabal

(Setembro 2019) Saneamento para Abelleira.

Conseguimos que no 2020 o goberno municipal se lembrase desta actuación fundamental para o banco marisqueiro de Abelleira.

Defensa da Punta de Abelleira.

Foron varias as intervencións e os rogos presentados diante do Pleno Municipal para procurar que un espazo de dominio non acabase usurpado en mans privadas. Con cada nova actuación privatizadora, seguiremos poñéndonos de fronte.

(Xaneiro 2020) Loita contra as casas de apostas e o xogo.

O Pleno da Corporación aprobou unha moción, a proposta do BNG, na que se prohíbe, entre outros cousas, a publicidade de casas de apostas en espazos municipais, se solicita un maior control de acceso de menores ás máquinas de apostas e de xogo ou a creación dun punto de atención a persoas con problemas de adición ao xogo.



Algunhas das persoas que integran o BNG de Muros

Creación dunha escola infantil municipal.

No último tramo do mandato anterior aprobouse unha moción a iniciativa do BNG para a creación dunha Escola infantil. Seguimos insistindo neste novo mandato para que se poña en marcha este proxecto.

Fibra óptica e sinal de TV para Torea e Abelleira.
Despois de seis anos de protestas ao fin conseguimos que a fibra óptica chegue ás parroquias de Torea e Abelleira. Mais lamentamos que a TV segue a non poder verse en ningún destes núcleos.

2019 Loita contra a violencia machista

No 25N, no 8M e en cada ocasión na que sucede un feminicidio a mans dun machista asasino, o BNG lidera as intervencións plenarias presentando mocións e rogos para que desde o goberno municipal se traballe para erradicar esta lacra.

(Setembro 2020) Obras ilegais na Illa da Creba.
Denunciamos as obras ilegais da Illa da Creba.

Protocolos COVID-19 nos centros de ensino.

Obtención da RPT.
Este ano e medio conseguimos a RPT, o primeiro paso para a creación dunha vez coa relación da Relación de Interese do Concello.

(Novembro 2020) Reclamamos a reapertura da atención presencial nos centros de saúde.

(Xuño 2020) Visibilidade do colectivo LGTB+.
Presentamos unha moción para celebrar e visibilizar ao colectivo LGTB+, mais o PP considerou que era suficiente colocar unha bandeira diminuta nunha fiestra do Concello.

(Outubro 2020) Peché do ISM de Muros.
Reclamamos e conseguimos que se manteña o actual servizo do ISM grazas a presión feita na Xunta e o Congreso dos Deputados.

(Xaneiro 2021) Lei de Memoria Histórica.
Conseguimos que se creara unha comisión histórica que se encargue de sinalizar os campos de concentración que houbo no noso concello durante o franquismo e se avalien alternativas á rúa do Xeral Pardo. Un dos dirixentes franquistas.

As mulleres no deporte

Non se lle escapa a ninguén que a participación feminina no deporte viuse incrementada ao longo deste século. Cada ano son máis as mozas que se animan a practicar algún tipo de deporte, xa sexa de maneira afeccionada ou profesional, mais aínda que o interese por parte da muller sexa o máis comprometido posíbel, as trabas que se atopan son infranqueábeis.

Ao pensar nas problemáticas da muller no deporte é moi fácil irnos ao deporte de elite e a desigualdade salarial existente entre mulleres e homes na práctica da mesma disciplina, ou reflexionar sobre a falta de referentes femininos que saian nos medios de comunicación a diario sen ter que conseguir gañar un torneo ou unha competición, ou incluso a falta de representación feminina nos organismos de decisión.

Mais non fai falta mirar tan alto cando o problema é de base. A desigualdade comeza na

falta de oportunidades que teñen as mozas de practicar deportes no seu propio concello. Cando, por exemplo, non existen equipos femininos do deporte que lles gusta, mais si que os hai masculinos. Pódese ter un equipo masculino con varias seccións segundo a franxa de idade porque prevese que o relevo xeracional vai estar garantido, mais a maior escusa para non formar un equipo feminino é que non se van conseguir as suficientes mozas. Moitas veces é máis fácil presupoñer unha resposta que facer un intento, e non só é culpa dos clubs, senón tamén das institucións que non fomentan o suficiente esta igualdade de oportunidades.

A desigualdade de xénero no deporte é evidente. Queda moito por conseguir e vai ser moi complicado alcanzar a igualdade total. Mais iso non vai ser impedimento para loitar pola súa consecución. Somos moitas as que estamos dispostas a rachar co teito de cristal a balonazos se é preciso.

Maternidade(s): opción e dereito

Existen moitas maneiras de maternar pois habitamos nun mundo que se caracteriza pola súa diversidade. Os cambios sociais das últimas décadas propiciaron a emerxencia de novos modelos familiares como os modelos monoparentais ou homoparentais.

O que é inalterábel é que a maternidade é unha opción na vida, unha decisión que se ve condicionada polo sistema económico capitalista e a organización social patriarcal na que vivimos. A precariedade absoluta na que nos vemos inmersas dificulta a libre elección de ter fillas, e impide exercer o noso dereito reprodutivo, un dereito que debe ser libremente exercido.

As políticas que se están a facer non valorizan os coidados esenciais vinculados á maternidade, nin existe unha conciliación real dos tempos familiares, laborais e sociais que

garantan calidade de vida. Poderíamos comezar por exemplo cunha ampliación do permiso de maternidade ou paternidade até os 12 meses como mínimo, tal e como xa se fai nalgúns países da Europa, cuns permisos dignos, que teñan en conta as necesidades fisiolóxicas e afectivas das mulleres e das súas crianzas. Co establecemento dunha Renda Básica de Coidados, con flexibilidades horarias nas xornadas laborais... E sobre todo con políticas que promovan a corresponsabilidade.

Sabedoras de que se ben hai moita diversidade nas formas de maternar, só hai unha única maneira de poder exercer unha maternidade digna: a consecución de dereitos onde o noso benestar se coloque no centro de todo. Queda moito por andar, mais seguimos camiñando xuntas e da man de quen queira acompañarnos.

Ciencia é un nome de muller

Porcentaxe de mulleres en educación universitaria en Galiza segundo área de coñecemento

	2019-2020	2018-2019	2017-2018	2016-2017	2015-2016
Ciencias da Saúde	74,02%	73,78%	73,50%	73,29%	73,42%
Artes e Humanidades	68,55%	68,45%	68,35%	67,00%	66,74%
Ciencias sociais e xurídicas	60,61%	60,01%	60,10%	60,27%	60,68%
Ciencias	52,40%	51,84%	52,31%	52,65%	54,10%
Enxeñería e Arquitectura	25,98%	26,31%	27,20%	27,18%	27,07%

O 11 de febreiro celebrouse o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, e, ao igual que na maior parte dos ámbitos sociais, a problemática radica na invisibilidade a que nos vemos sometidas.

Segundo os últimos datos proporcionados por Eurostat, presenza da muller nas profesións científicas e tecnolóxicas está próxima á igualdade. No estado español, a porcentaxe de mulleres científicas e enxeñeiras é do 49,3%. Pola contra, segundo o último informe PISA, tan só o 1% das nenas de 15 anos quere adicarse a este sector, mentres que é elección entre o 10% dos nenos da mesma idade. Cabe destacar que o mesmo informe reflicta un maior medo ao fracaso nas nenas que nos nenos, e esta diferenza acentúase entre o estudantado de máis altas cualificacións. Están as nenas sometidas a máis presión ou existe un reforzo educativo deficitario para elas?

A resposta nunca soe ser sinxela e conflúen nela diversos factores. Se falamos da falta de referentes coñecidos nos que as nenas poidan sentirse identificadas é de destacar, por exemplo, que pese a que as mulleres representaron na Galiza, durante o curso 2019-2020, o 74% do alumnado matriculado en ensinanza universitaria en ciencias da saúde e

o 52,4% en Ciencias, na Real Academia Galega das Ciencias, só 4 dos asentos están ocupados por científicas. Se prestamos atención aos premios Nobel, máximo recoñecemento nesta área, os datos son aínda máis desalentadores e podemos ver como inclusive a gran referente Marie Curie, quen supón a primeira persoa en recibir dous premios Nobel na historia, estivo a piques de quedar sen o seu galardón en Física pese a ser a principal responsable dos estudos sobre a radiación que serían premiados naquel ano, ou o triste caso de Rosalind Franklin a quen directamente lle foi roubado o seu traballo.

É de destacar que cando se lle pregunta a adolescentes sobre os seus referentes científicos, na maior parte dos casos obsérvase que os mozos fan referencia a personaxes de ficción (cómic, cine, series...) mentres que elas se refiren a personaxes femininos reais máis ou menos coñecidos.

Queda por visibilizar a millóns de mulleres anónimas -alén das famosas- que contribuíron ao desenvolvemento colectivo das ciencias e foron omitidas dunha historia contada por homes. Mulleres e nenas merecemos poder ocupar o noso lugar na ciencia sen ter que demostrar unha excepcionalidade só esixida ao xénero feminino.



Encontro feminista celebrado polo BNG de Muros

'As mulleres do BNG dicimos alto e claro que queremos rematar coa pandemia do machismo, para construímos un futuro de igualdade, liberdade e feminismo. Súmate a nós!'



Ana Pontón, Portavoz nacional do BNG, nun encontro con mulleres celebrado en xaneiro de 2020

Se algo demostrou a pandemia da COVID-19 e esta crise é a importancia da forza das mulleres para soste-lo presente, mais tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e dos traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiros, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno español, que se poñen de perfil aliándose cun sistema patriarcal e inxusto.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema "sen coidados non hai vida" e a pandemia demostrou o seu acerto. Un ano despois temos que seguir lembrando que sen coidados non hai vida. Hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan cubrir os servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores maioritariamente ocupados por mulleres (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e son tamén as que máis riscos asumen respecto da súa propia saúde pola falta de medidas.

Así mesmo, a violencia machista segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade. Ademais, as restricións da actividade social dificultan aínda máis a ruptura coa espiral da violencia e o acceso a moitos servizos. Desde o nacionalismo galego damos unha contundente resposta a esta situación: non permitiremos que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos dereitos das mulleres. .

Contacta co BNG!

✉ muros@bng.gal ☎ 627737874

f [facebook.com/bng.muros](https://www.facebook.com/bng.muros)

🏠 **Local do BNG:** Praza Galiza, 2, 15250 Muros

